

# MISIÓN: UN FUTURO SOSTIBLE

## OBXECTIVOS

- Fomentar o traballo en equipo por un logro común da clase ou grupo.
- Reflexionar sobre o papel que os consumidores podemos ter no desenvolvemento de métodos de produción sostibles.
- Motivar ao alumnado a interesarse por áreas académicas e profesionais relacionadas co consumo sostible e a economía social.
- Avanzar en metodoloxías de traballo por proxectos.

## MATERIAIS NECESARIOS

- Vídeo "Economía Circular: descubre o que é antes de que rebente o Planeta", dispoñible en YouTube: <https://youtu.be/Lc4-2cVKxp0>
- Caderno de misión personalizado para a aula: descargable en [www.unicef.es/educa/1001proyectos](http://www.unicef.es/educa/1001proyectos)

## MATERIAL DE APOIO

- Guía de actividades e recursos de educación en dereitos e cidadanía global sobre educación, dereitos de infancia e cambio climático, dispoñible en [www.unicef.es/gal/educa](http://www.unicef.es/gal/educa)

A humanidade necesita dunha xeración de persoas que entenda os riscos da sobreexplotación dos recursos do planeta e que promova modos de vida e de negocio máis sostibles e respectuosos co medioambiente e cos dereitos humanos. A procura de modelos alternativos non é só unha opción máis para quen é agora adolescente: forma parte do seu dereito á participación, á educación e a un medioambiente saudable. Descubrir opcións de consumo e produción distintas ás actuais pode axudarlles na súa orientación académica e profesional, contribuíndo a que alcancen o seu máximo potencial na vida.

## Preparación da actividade

Para a preparación da actividade suxerimos as seguintes actividades opcionais:


### ■ Coñecer outros modelos de consumo

Proxectamos na aula o vídeo "Economía Circular: descubre o que é antes de que rebente o Planeta". Este vídeo presenta algunhas cuestións chave relacionadas co modo no que comunicamos e reaccionamos ante o cambio climático: as imaxes e mensaxes comúns, a sobreinformación, a escaseza de propostas de acción, a pasividade... Podemos debater brevemente estas cuestións e outras expostas no vídeo.

(Adaptado de Bamberg, S. & Moser, G. 2007. Twenty years after Hines, Hungerford, and Tomera: A new meta-analysis of psychosocial determinants of pro-environmental behaviour. Journal of Environmental Psychology, 27: 14–25.)

O grosor das frechas representa o grao no que un factor inflúe sobre outro (frecha máis grosa = maior influencia). "Atribución interna" significa o grao no que aceptamos a nosa responsabilidade sobre o problema. "Percepción de control sobre o problema" é o grao no que sentimos capaces para emprender unha acción, así como o coñecemento do que hai que facer e como facelo.

## Factores que inflúen na conducta medioambiental responsable



## ■ Descubrir as nosas propias pautas de acción

Apoiaremonos neste esquema, que relaciona os factores que inflúen no noso cambio condutual cando coñecemos un problema:

- Coñecer que existe un problema medioambiental basta para que fagamos algo para solucionalo? Que é o que máis inflúe no noso cambio de conducta?
- Que pasa cando se nos informa do problema pero non se nos dan opcións para actuar? E cando as formas de actuar están fora do noso alcance?
- Que podemos facer como consumidores? E como estudantes?

## ■ Buscar inspiración

Ademais, podemos presentar o exemplo de Elif Bilgin e as irmás Wijzen, que atoparon maneiras de frear a deterioración ambiental e as impulsaron como estudantes de secundaria.

### Elif Bilgin

Elif Bilgin é unha moza apaixonada pola ciencia desde que deu os seus primeiros pasos. A súa curiosidade polas cuestións ambientais e a súa preocupación polo cambio climático levouna a pensar nunha alternativa ao plástico. Tras 2 anos investigando e probando, logrou a súa primeira mostra de bioplástico de cascas de plátano aos 16 anos.

"O meu obxectivo era desenvolver un método para o uso das cascas de plátano na produción de bio-plástico como unha substitución para o plástico tradicional a base de petróleo. Fun capaz de deseñar un método e producir o plástico. O método que deseñei é tan simple que se pode seguir en casa. Desta maneira, calquera podería usar este plástico. O noso planeta pódese salvar das consecuencias da produción de plásticos con derivados do petróleo". "Quero estudar biomedicina para poder traballar con tecnoloxía que beneficie á humanidade".





### Melati e Isabel Wijsen

Melati e Isabel Wijsen teñen como misión liberar a illa onde viven, Bali (Indonesia), da invasión de bolsas de plástico que alaga os seus mares. "Non deixes nunca que ninguén che diga que es demasiado novo ou que non entendes as cousas", di Isabel. "Non che dicimos que sexa fácil. O que che dicimos é que vai merecer a pena".


Cando tiñan 10 e 12 anos, Melati e Isabel lograron o apoio dos seus compañeiros de clase para realizar peticións, limpeza de praias e mesmo unha folga, ata que lograron convencer ao gobernador de Bali para que se comprometese a declarar a illa libre de bolsas de plástico para 2018. Desenvolveron un adhesivo para que as tendas locais informasen de que non distribuían bolsas de plástico.

Actualmente, as irmás están a traballar nun folleto educativo, dirixido a estudantes de primaria, con información sobre como facer as súas propias bolsas con material biodegradable, a xestión eficaz de residuos e a contaminación. "O cambio non sucede sen educación", di Melati.

## Desenvolvemento da actividade

Idearemos, planificaremos e executaremos un proxecto medioambiental que poidamos desenvolver na nosa contorna e que nos permita exercer os nosos dereitos á participación e a un medioambiente saudable. Elixiremos entre todos os obxectivos comúns e marcaremonos metas e responsabilidades individuais.

# O noso caderno de misión



Tras coñecer máis sobre a economía sustentable, comprender os mecanismos que nos levan a actuar polo medio ambiente e descubrir exemplos inspiradores, podemos idear e poñer en marcha a nosa propia misión. Dispoñeremos do primeiro trimestre para organizarnos en grupos de traballo, establecer unha metodoloxía e obxectivos para, idealmente, presentar o noso proxecto o **20 de novembro, Día Universal da Infancia**, aínda que se poden seguir os prazos que mellor se adapten á axenda escolar.

O caderno de misión personalizado e personalizable para o grupo ou aula pode descargarse en [www.unicef.es/educa/1001proyectos](http://www.unicef.es/educa/1001proyectos)

Non esquezas compartir a túa experiencia no noso blog [www.unicef.es/cat/educa/blog](http://www.unicef.es/cat/educa/blog) ou en redes sociais co hashtag #1001ProyectosXoPlaneta, para que toda a comunidade educativa coñeza as vosas propostas e poidan inspirarse para lograr un cambio global. **Entre todos podemos conseguilo!**

# #1001proyectosXelPlaneta